



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

A INXUSTICIA DOS CONCURSOS DE MOBILIDADE, agora o Corpo Técnico de Facenda

Unha vez máis, a Administración segue a demostrar que o único que lle interesa é aforrar cartos á costa da mobilidade dos seus traballadores. Tal e como pasara nos anteriores concursos de mobilidade non hai intención de arranxar a situación dos compañeiros que perden tramos de carreira administrativa a costa de moverse, o que lles leva a volver a esperar os anos necesarios para chegar ao tramo que, por antigüidade, lles correspondería.

Isto xa o vimos nos concursos de Axentes, Vixilancia Aduaneira e agora, outra vez, no do Corpo Técnico, no que case 30 adxudicatarios perderán 1, 2 e ata 3 tramos de Carreira. Pero claro, isto só pasa cos de abaixo, pois no concurso que se acaba de resolver para os A1 non había problema ningún para que poideran promocionar pola vía do concurso e mesmo levar prazas con específicos escandalosos, dada a situación económica na que estamos.

A todo isto engadimos que no concurso anterior había un compromiso do anterior Subdirector de Xestión de Persoal para arranxar esas situacións, e seguimos a ver que todo segue igual. Como xa estamos fartos de ver estas cousas, é polo que toda a parte social, por unanimidade, abandona a Comisión de Valoración do concurso á espera dunha solución para todos os casos por parte do Director da Axencia ou quen corresponda. Parece ser que a AEAT ten présa en resolverlo co que esperamos unha solución rápida e satisfactoria. Esperamos tamén que a situación non se volva a repetir nos concursos que están pendentes de resolver (Vixilancia Aduaneira, Axentes Facenda Pública..)

Desde a CIG, ademais, solicitamos aclaracións sobre as prazas do Anexo I bis que non se cubren o que demostra unha pésima planificación do concurso e pedimos que se nos faciliten os listados coas puntuacións desas prazas, algo ao que a AEAT négase, por "resultar imposible coa súa aplicación informática" (contos chinos...)

Temos á vosa disposición novos listados do concurso, actualizados ao día 6 de febreiro, quen os precise que contacte con nós.

Estaremos ao tanto de cómo discurren as cousas, informaremos das novidades que haxa ao respecto.

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

mariacarmen.ares@correo.aeat.es-**WWW.CIGAEAT.COM**